



LISTA DE ASISTENTES

Alonso De Abel, Diego
Araujo Otero, Uxía
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Campos Casal, Jacobo
Cid Fernández, Xose Manuel
Cidrás Pidre, José
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Domínguez Martín, Jorge
Fandiño Alonso, Xaime
Fariñas Valiña, Iago
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
Garrido Valenzuela, Irene
González Pillado, Esther M^a
González Piñeiro, Luis
Hernández Sánchez, Jesús
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Martínez Ínsua, Ana Elina
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Méndez Franco, Óscar
Molares Pérez, Lucía
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Muñoz, María
Muñoz López, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Santoalla Rodríguez, Álvaro Hugo
Sueiro Justel, Joaquín
Torres Vázquez, Luis
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

DESCULPAN ASISTENCIA:
Ortiz Torres, Luis

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 22 de setembro de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O venres, día 22 de setembro de 2006, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2006.
2. Informe do Reitor.
3. Asuntos de profesorado: comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en dereito da seguridade social – Especialista en recursos humanos.
5. Modificacións dos programas oficiais de posgrao a implantar no curso académico 2006-07.
6. Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentada polas alumnas: María Jesús González González da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo na materia Economía Española e Mundial e Inés González Alonso da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, na materia Contabilidade de Sociedades.
7. Cuestións relativas á aplicación da normativa de permanencia.
8. Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.
9. Ampliación do calendario escolar para o curso 2006-07 aprobado polo Consello de Goberno do 15-06-06, para os centros acollidos á modalidade A.
10. Proposta de modificación da Normativa de Xestión Académica.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as Universidade de Santiago de Compostela, e da Coruña – Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia – Protocolo de colaboración coa Xunta de Galicia e as universidades de Santiago e da Coruña – Protocolo de colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e da Coruña – Convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a Fundación María José Jove, as universidades da Coruña e Santiago de Compostela e a Sociedade de Pediatría de

Galicia – Convenio marco de colaboración coa Universidade Marítima Internacional de Panamá – Memorando de acordo coa Universidade de Tecnoloxía do Sur de China – Convenio de cooperación coa Fachhochschule Bochum – Memorando de entendemento entre varias universidades sudamericanas e europeas – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas.

12. Propostas da Comisión de Investigación referidas á convocatoria de axudas á investigación de 2006.
13. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (2 estudantes).
14. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.
15. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2006.

O Reitor cede a palabra a Secretaria Xeral quen, sinala que, detectado erro de transcripción na acta remitida xunto coa convocatoria a tódolos membros do Consello de Goberno, procedeuse á súa rectificación, que consiste na incorporación dun parágrafo na derradeira folla da acta, segundo consta na documentación entregada ós membros do Consello no inicio desta sesión.

Apróbase por asentimento a acta.

Punto 2.- Informe do Reitor.

Toma a palabra o Reitor para informar de diversos asuntos. En primeiro lugar, de dúas xuntanzas recentes: do Consejo de Coordinación Universitaria e da Axencia Galega de Calidade.

No que respecta ó Consejo de Coordinación Universitaria, celebrado en Zaragoza a principios desta semana, a Sra. Ministra de Educación pasou revista a varios asuntos de Política Universitaria:

- a) LOU: O día 1 de setembro o proxecto de Lei de Reforma da LOU foi remitido ás Cortes, e deste organismo dependen agora os tempos de tramitación. Como moi tarde, a súa entrada en vigor está prevista para a vindeira primavera. Ademais, o Ministerio está comprometido para que todo o desenvolvemento regulamentario que implica a nova Lei, e de xeito particular o Estatuto do Persoal Docente e Investigador, estea aprobado dentro do presente curso 2006-2007.

Hai discrepancias respecto dalgunhas suxestións realizadas pola CRUE que non foron incorporadas pola nova Lei (Exención Fiscal para as Universidades, Posibilidade de utilizar o Concursos de Méritos, Memoria de Financiamento da Lei, Propiedade e Explotación dos resultados da Investigación, etc.), pero outras moitas si figuran nos cambios adoptados (substitución do sistema de Habilitación polo de Acreditación, Requisitos académicos e de representación nas Universidades Privadas, opcións para unha transformación flexible de CEUs e TEUs, Excedencia Tecnolóxica, etc.) e teñen unha avaliación positiva da CRUE.

Seguirase tratando de influír no debate parlamentario da Lei para incorporar algunha das suxestións non incluídas no Proxecto.

- b) **Reforma dos Títulos:** O Ministerio sigue traballando no tema e agarda ter listo un documento neste mesmo mes de setembro para pasalo a discusión á Comisión Académica do Consejo e ás Universidades no mes de outubro. Deste xeito, as Universidades disporíamos por primeira vez dun documento escrito no que se explicita a posición inicial do Ministerio respecto a temas tan importantes como a Organización Xeral das Ensinanzas Universitarias, o Acceso aos Estudos Universitarios ou o Tipo de Títulos Oficiais impartidos polo sistema universitario español. De cumprirse estes prazos, quizais poderíamos distribuír este documento no mes de outubro para ter un Claustro a finais de novembro, no que fixaríamos a posición da Universidade de Vigo respecto destas cuestións.

A Ministra aproveitou a ocasión para adiantar os aspectos básicos da reforma á que están a dar os últimos retoques . A estrutura dos títulos oficiais do sistema universitario español na que están pensando é a seguinte:

TÍTULOS DE GRAO: cunha carga global de 240 créditos ECTS, non habendo Catálogo previo e limitativo para estes Títulos, de xeito que cada Universidade fará as propostas de Títulos de Grao que considere oportunas, contando coa autorización de Consello Social e Xunta e cos filtros de calidade da ACSUGA e do Ministerio. Si haberá, en cambio, Directrices Xerais do Ministerio por Ámbitos de Coñecemento (Humanidades, Xurídico-Social, Científico, Biosanitario e Tecnolóxico). Os 60 créditos iniciais serán practicamente comúns por Ámbito de Coñecemento, de maneira que o alumno medre nos coñecementos básicos e non decida en realidade ata o 2º ano, estando as Directrices Xerais do Ministerio centradas de maneira particular neste primeiro curso común. Non obstante, para os Títulos con Competencias Profesionais Regulamentadas, as Directrices Xerais terán carácter especial e diferenciado, buscando garantir que ditas competencias estean aseguradas en todo caso nos planos de estudo que elaboren as Universidades.

TÍTULOS DE POSGRAO OU MASTERS: Pasan a diferenciarse claramente do Doutoramento, adoptando cada vez dun xeito máis claro un perfil de especialización profesional. Non obstante, poden convivir co Doutoramento e poden formar parte dun mesmo tronco de coñecementos avanzados. Incluso pode haber pasarelas para transitar dun Máster (ou varios) ó Doutoramento en determinadas condicións académicas (é dicir, cursados uns módulos determinados dun ou de varios másters) e coa autorización previa do Director de cada Proxecto Doutoral. Os títulos de Máster terán unha entidade variable entre 60 e 120 créditos, e salvo no caso de másters referidos a profesións regulamentadas, non haberá Directrices Específicas do Ministerio.

TÍTULOS DE DOUTORAMENTO: divididos como agora en dúas etapas, unha primeira de formación de 60 créditos ECTS deseñados como ensinanzas específicas para o Programa Doutoral. O acceso será desde o Grao, pero tamén poderán acceder os titulados de Máster que se estableza, coas validacións pertinentes. Cabe a posibilidade, como agora, de que un Título de Máster sexa cualificado como equivalente e faculte para pasar á seguinte etapa do Doutoramento. Unha segunda etapa de investigación á que se accede dende o período formativo para a elaboración da Tese Doutoral.

- c) Adaptación ó Espazo Europeo: Séguese coa idea de manter o calendario de adaptación de 2010, aínda que pensando en solucións flexibles adaptadas á reforma dos títulos. Preséntase como apio para as Universidades o informe titulado “Propuestas para la Renovación de las Metodologías Educativas en la Universidad”, elaborado por F. Michavila. Desde hoxe mesmo este informe estará colgado na páxina web da Uvigo.

AXENCIA GALEGA DE CALIDADE (ACSUGA). Onte mesmo celebrouse a xuntanza do Pleno, cun tema de especial interese para as Universidades, que é a definición dos dous Complementos Salariais que faltaban e estaban previstos nos Acordos Sindicais acadados en 2004.

- a) Complemento por calidade docente e excelencia investigadora. Este complemento mestura quinquenios e sexenios con outros parámetros docentes e investigadores (producción docente, ó estilo do que computamos nós en calidade docente; e produción investigadora ligada basicamente a transferencia : patentes, contratos, iniciativas de *spin-off*, etc.). Compútase todo isto e dáselle un valor numérico, cun resultado global comprendido entre 0 e 14 puntos. Cada punto ten un valor económico, discriminando deste xeito entre os solicitantes.

O importe máximo estimado deste complemento é de 500 euros/ano e a previsión é que sexa aplicado con retroactividade desde xullo de 2006. Sexenios e Quinquenios consolidan; o resto, reportará ingresos durante cinco anos e logo haberá que replicar o proceso

- b) Complemento de Xestión. Por cargos desempeñados nos distintos graos da xestión universitaria. Cada desempeño ten un valor numérico anual (de 0,30 a 1 punto), con un valor máximo acumulado de 8 puntos e un valor económico en euros para cada punto. Este complemento é consolidable e empezará a estar vixente en 2007.

O Reitor informa tamén sobre os seguintes nomeamentos:

MIGUEL ANGEL NOMBELA CASTAÑO como Director da Área de Estudantes e Deportes.

ÁNGEL RODRÍGUEZ DE LERA como Director da Área de Política de I+D.

LUIS M. LIZ MARZÁN como Director do CACTI.

Infórmase, ademais, da proposta de nomeamento de MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ como Delegada da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.

Por último, o Sr. Reitor informa tamén sobre o posgrao: Para tranquilidade dos Coordinadores dos Programas Oficiais de Posgrao que comezarán a impartirse neste curso, informa de que hoxe mesmo asinará unha Resolución Reitoral que convoca e define o procedemento de matrícula, de acordo co Servizo de Alumnado . Hai dous prazos de matrícula: O primeiro estará aberto entre os días 25 a 29 de setembro; e o segundo, se quedan vacantes, entre o 13 e o 18 de outubro. Hoxe mesmo, despois deste Consello de Goberno, enviarase esta Resolución a Coordinadores, Decanos/Directores, Administradores de Centros e Xefaturas de Administración para que o proceso de matrícula non sufra ningunha demora.

Salientamos que poderán acceder ós POPs todos aqueles que teñan superados 180 créditos dos estudos de grao, cando nestes créditos estea comprendida a totalidade dos contidos formativos comúns do título de grao ou a totalidade das materias troncais para as actuais titulacións. Sendo necesaria a aprobación da admisión por resolución reitoral, previa a petición razoada do interesado.

Preténdese, xa que logo, fortalecer aos POPs, apoiar ó seus Coordinadores e non prexudicar durante o período transitorio dos POPs ós alumnos que queiran cursar os novos títulos. En todo caso, a Resolución establece que a Universidade de Vigo non emitirá ningún Título de Posgrao sen a previa obtención do correspondente Título de Diplomado ou Licenciado.

Por suposto, esta solución foi argallada de acordo co Servizo de Alumnado e informada favorablemente pola Comisión de Posgrao.

Punto 3.- Asuntos de profesorado: comisión de servizos.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Profesorado quen sinala que se trata dunha petición de Comisión de Servizos solicitada pola Universidade Pablo de Olavide de Sevilla para o profesor D. Manuel Tomás González Fernández, Profesor Titular de Universidade no Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía, que conta con informe favorable de la COAP do pasado 14 de setembro, pero condicionado á súa aprobación polo Consello de Departamento, que tiña prevista a súa reunión para o día 15 do mesmo mes. Recibido escrito do Departamento onde se informa que o tema queda pendente para un posterior Consello de Departamento, a proposta do Vicerreitor é aprazar tamén a decisión sobre o tema ata que se pronuncie o Departamento e posteriormente a COAP.

Apróbase por asentimento o aprazamento da decisión.

Punto 4.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en dereito da seguridade social – Especialista en recursos humanos.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de profesorado quen expón que ambos cursos teñen informe favorable da COAP.

Intervén o Sr. Mollinedo para sinalar que xa na reunión da COAP apuntou a necesidade dunha normativa clara sobre a cantidade máxima de créditos que o profesorado da Universidade de Vigo pode impartir neste tipo de cursos. Ante o que o Reitor resposta que xa existe unha normativa de Cursos e, si a mesma tivese algún tipo de carencia, tería que ser revisada, o que lle encomenda á COAP.

Apróbase por asentimento. (**Anexo I**)

Punto 5.- Modificacións dos programas oficiais de posgrao a implantar no curso académico 2006-07.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, quen sinala que, no que respecta ós POPs que se están implantando para este curso académico (Enxeñaría matemática, Neurociencia, Dirección e planificación do turismo, Estudos de xénero e Física aplicada), é necesario aprobar determinados cambios propostos polos coordinadores dos mesmos, nos termos que se plasman na documentación que se xunta (**anexo II**). Estes cambios teñen sido aprobados xa pola Comisión de Posgrado e agora é necesaria a súa aprobación no Consello de Goberno para remitilos despois ó Consello Social e, por último, á Xunta de Galicia.

Apróbase por asentimento.

Intervén o profesor Legido e manifesta a súa preocupación sobre as novas propostas de POPs, en concreto sobre cal é o camiño que se vai seguir no relativo ó mantemento do terceiro ciclo ou a necesidade de transformalo en POP.

A Vicerreitora de Titulacións resposta que ten habido un cambio na política do Ministerio de Educación que fai que sexamos cautelosos e que na nova convocatoria de POPs debe terse claro que os POPs para a obtención de Máster deben ter un perfil profesionalizante con intervención de empresas e institucións; no que respecta ó doutoramento só ten sentido a súa transformación en POP se ten perfil investigador, agora ben, carece de sentido un POP con perfil académico ou similar a un segundo ciclo agora vixente. Esta é a mensaxe que está transmitindo ós membros da Comunidade Universitaria pero sempre con cautela tendo en conta que aínda non existe norma publicada no BOE que prorrogue a vixencia do doutoramento.

Debátese sobre o tema coa intervención do Reitor, a Vicerreitora e o profesor Legido, concluíndose coa chamada á calma do Reitor, animando á proposta de POPs de carácter profesionalizante e ó mantemento do doutoramento polo momento e ata que non haxa disposición ó respecto.

Punto 6.- Resolución dos recursos de alzada contra a non admisión a trámite das solicitudes de avaliación curricular presentada polas alumnas: María Jesús González González da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo na materia Economía Española e Mundial e Inés González Alonso da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, na materia Contabilidade de Sociedades

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Profesorado quen sinala que, á proposta da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade, a COAP, logo de aplicar os criterios aprobados na reunión da mesma comisión en data 26 de xaneiro de 2005, decidiu emitir os seguintes informes:

Apelidos e Nome	Nome de materia	Código	COAP Informe
González Alonso, Inés	Contabilidade de Sociedades	306 011 221	desfavorable
González González, María Jesús	Economía española e mundial	104 010 203	favorable

Apróbase por asentimento.

Punto 7.- Cuestións relativas á aplicación da normativa de permanencia.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Novas tecnoloxías e Calidade que sinala que se trata de dúas cuestións relativas á aplicación da citada normativa: dun lado, en consonancia co compromiso do reitor manifestado no Consello de Goberno anterior ante os prexuízos ocasionados polo art. 5.2 da normativa, propónse a suspensión da aplicación do citado precepto, para a súa remisión ó Consello Social; doutro lado, propónse ademais a modificación da disposición adicional da normativa de permanencia, relativa ós plans de estudio extinguidos e outras situacións nas que non é posible a aplicación dos requisitos xerais da avaliación curricular, co obxecto de facer unha aclaración procedimental e que queda como sigue:

“Nos casos onde concorran situacións orixinadas por cambios de plans de estudos, extinción ou por calquera outra non considerada nesta Normativa que impidan que un alumno poida solicitar a avaliación curricular, corresponde á COAP, con carácter excepcional, valorar a admisión a trámite da solicitude.

Nestes casos os alumnos poderán dirixirse ao vicerreitor competente que remitirá a solicitude á COAP quen, unha vez admitida a trámite, de se-lo caso, requirirá ao Centro para que nun prazo de 40 días dende a recepción da solicitude, se constitúa a Comisión a que se refire o artigo 6.4 da Normativa de permanencia e resolva, de acordo co procedemento previsto no artigo 6.6, previa petición por parte da Administración do Centro dos informes oportunos aos/ás profesores/as, os cales unha vez recibidos serán remitidos ao Presidente da Comisión”

Intervén o profesor Alejandro Pereira dicindo se o que se pretende é unha suspensión cautelar ante unha normativa defectuosa. Ante o cal o Vicerreitor aclara que non se trata diso senón de dar unha saída rápida a una situación prexudicial para os alumnos.

O profesor Berrocal roga que se xunte a documentación correspondente a cada punto e que conste claramente na convocatoria o contido concreto do que se vai debater.

D. Iago Fariñas pregunta se o que se eliminan son os coeficientes ou tamén o número máximo de créditos (135) dos que se pode matricular cada alumno, sinalando tamén o prexuízo que produce ós alumnos ter que matricularse das materias por orde non permitíndose ó alumno que organice a súa carreira como considere máis oportuno.

O Vicerreitor de novas Tecnoloxías aclara que a suspensión afecta unicamente ós coeficientes.

Pola súa bando o Reitor sinala que a normativa vixente estaba pensada para una época na que había moitos alumnos e que neste momento a Secretaría Xeral, xunto co servizo de alumnado, ten o encargo de proceder á revisión de toda esta normativa. Recorda, ademais, que o compromiso adquirido no Consello de Goberno de xullo era o relativo á aplicación do polinomio ó que se engade agora una modificación puntual da normativa no que respecta ós plans extinguidos, pero o que se debate é outro tema moi distinto.

D. Diego Alonso pregunta se neste momento se está aplicando o polinomio, ó que responde o vicerreitor de novas Tecnoloxías e Calidade que non.

O profesor Ricardo Vidal pregunta polo funcionamento do polinomio, respondendo o Vicerreitor de Novas tecnoloxías e calidade cómo se aplica o mesmo ós alumnos.

Finalmente, D. Diego Alonso solicita que se informe ós administradores dos centros a non aplicación do polinomio. Ó que contesta o Reitor que así se fará.

Apróbanse por asentimento as dúas propostas relativas á aplicación da normativa de permanencia.

Punto 8.- Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía, quen sinala que se trata das seguintes transferencias:

Transferencia da 0014 211M 22804 á 0014 300C 625679,00 €

Solicitado polo administrador de centros do campus de Pontevedra.

Trátase dunha transferencia de crédito dende o curso complementario de comunicación institucional e responsabilidade social ó capítulo VI da Facultade de CC Sociais e da Comunicación para adquisición de material inventariable.

Transferencia da 0014 211M 22818 á 0014 300C 6252.270,45 €

Solicitado polo administrador de centros do campus de Pontevedra.

Trátase dunha transferencia de crédito dende o curso de especialista en dirección de comunicación e educación para o consumo ó capítulo VI da Facultade de CC Sociais e da Comunicación para adquisición de diverso material inventariable.

Transferencia da 2006 0000 300S 228.03 á 0022 122H 230.0613.500,00 €

Solicitado polo vicerreitor de organización académica e profesorado.

Trátase dunha transferencia de crédito dende a aplicación orzamentaria para Conferencias de profesores invitados á partida correspondente á Desprazamentos docentes, que xa está esgotada nestes momentos.

Apróbanse por asentimento.

Punto 9.- Ampliación do calendario escolar para o curso 2006-07 aprobado polo Consello de Goberno do 15-06-06, para os centros acollidos á modalidade A.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen expón que no anterior curso académico os centros que decidiron acollerse á modalidade A de calendario académico, viviron unha etapa transitoria que consistía unicamente en adiantar os exames de setembro a xullo. Transcorrida esa etapa transitoria, trátase agora de implantar xa dunha forma total o calendario aprobado no seu día polo Claustro, aínda que coa salvedade de que o comezo de curso non ten lugar o día 1 senón o 18 de setembro, unha vez rematados os exames de selectividade. Este calendario afecta unicamente á Facultade de Ciencias de Ourense que é neste momento a que está experimentando con esta modalidade.

A proposta que se fai consta na documentación adxunta á convocatoria (**anexo II**) e o elemento mais salientable é a previsión das convocatorias extraordinarias que se aprobaron no seu día no Claustro Universitario.

Apróbase a proposta por asentimento.

Intervén o Prof. Legido para facer referencia a unha cuestión xeral relativa ó calendario aprobado para este curso académico e á necesidade de adaptar o inicio do curso á realidade, posto que na actualidade existe una descoordinación xa que o curso se inicia cando aínda se están matriculando os alumnos.

Éntrase nun debate no que interveñen o Reitor, o Prof. Legido e o Prof. Sueiro quen alude tamén ó problema relativo ós novos profesores que inician o seu contrato o 1 de outubro, cando o curso leva xa dúas semanas iniciado.

Finalmente o Reitor encarga a Secretaria Xeral que faga unha proposta de calendario antes da súa presentación para aprobación definitiva e que se debata sobre a mesma.

Punto 10.- Proposta de modificación da Normativa de Xestión Académica.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral, quen expón que a proposta de modificación da normativa de xestión académica é unha consecuencia lóxica da aprobación da ampliación do calendario para os centros acollidos á modalidade A, posto que é necesario adaptar o prazo previsto para modificación ou ampliación de matrícula á existencia de novas convocatorias.

En concreto, o artigo 12.7 establece como data límite o 15 de xaneiro. A proposta que se fai é suprimir ese prazo das normas de Xestión Académica. Despois será na Resolución Reitoral de matrícula onde se establezan dous prazos: un para os alumnos da modalidade A do calendario e outro para a modalidade B.

D. Iago Fariñas intervén para preguntar se iso permitirá ós alumnos a ampliación de matrícula en calquera momento, ó que responde a Secretaria Xeral que non, posto que haberá un prazo moi similar ó actual para a modalidade B de calendario, e para a modalidade A, se fixará de acordo coas necesidades do centro afectado.

Punto 11.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e as Universidade de Santiago de Compostela, e da Coruña – Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidade de Galicia – Protocolo de colaboración coa Xunta de Galicia e as universidade de Santiago e da Coruña – Protocolo de colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e as universidade de Santiago de Compostela e da Coruña – Convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a Fundación María José Jove, as universidades da Coruña e Santiago de Compostela e a Sociedade de Pediatría de Galicia – Convenio marco de colaboración coa Universidade Marítima Internacional

de Panamá – Memorando de acordo coa Universidade de Tecnoloxía do Sur de China – Convenio de cooperación coa Fachhochschule Bochum – Memorando de entendemento entre varias universidades sudamericanas e europeas – Convenio de colaboración coa Consellería de Traballo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e o Consello Superior de Investigacións Científicas.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12.-Propostas da Comisión de Investigación referidas á convocatoria de axudas á investigación de 2006.

Ante a ausencia do Vicerreitor de Investigación, intervén o Reitor para propoñer unha serie de cuestións relativas á investigación, por petición expresa da Comisión de Investigación, pese a non necesidade de aprobación por este Consello.

Trátase de tres cuestións concretas: en primeiro lugar, nos grupos de investigación de referencia, considerando a semellanza de puntuación da derradeira solicitude aprobada e a seguinte (0,001 de diferenza na puntuación global) solicítase autorización para concederlle este ano a cantidade restante na correspondente partida o que é menos da cantidade mínima fixada na convocatoria.

En segundo lugar, no suposto de cofinanciamento de proxectos de investigación para grupos de investigación consolidados, a dispoñibilidade máxima fixada pola convocatoria para este ano é de 84.000 euros, o que permite o financiamento de 10 e medio proxectos (todos eles levan un financiamento de 8.000 euros). Despois de avaliadas as solicitudes, e poñendo o límite en 10 proxectos financiados, aparecen dous proxectos con puntuación moi semellante ó grupo anteriormente clasificado do seu ámbito, e con máis puntuación que algúns proxectos xa financiados. A Comisión de Investigación solicita superar o límite da convocatoria e conceder dous proxectos adicionais.

Por último, solicítase, a concesión dun novo prazo para a convocatoria de subvención á investigación para agrupamentos de grupos consolidados e grupos en formación, tendo en conta que unicamente se presentou unha solicitude.

Intervén o profesor Berrocal para sinalar, como membro da Comisión de Investigación, que a razón de que a mesma pedise a aprobación das propostas polo Consello de Goberno, debíase a que se trataba de cambios expresos da convocatoria. Por outra banda, solicita que se incorpore á convocatoria a documentación correspondente ó punto de que se trate.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de Investigación (2 estudantes), Comisión de Planificación e Asuntos Económicos (2 estudantes).

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que tanto na comisión de Planificación como na de Investigación hai dúas prazas vacantes polo sector de estudantes, na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos tense presentado dous candidatos e na Comisión de Investigación un só, isto fai innecesaria a votación en ambos casos.

A composición das comisións polo sector estudantes queda do seguinte xeito:

- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:
- Uxía Araujo Otero.
- Iago Fariñas Valiña
- Comisión de Investigación:
- Iago Fariñas Valiña
- Queda unha praza vacante, o que obriga a convocar novamente eleccións no próximo consello de Goberno.

Punto 14.- Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral, quen sinala que, para a Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado hai unha praza vacante polo sector de estudantes e un só candidato, o que fai innecesaria a votación.

Por tanto o representante dos estudantes para esta comisión é:

- Óscar Méndez Franco.

Punto 15.- Rogos e preguntas.

Intervén o profesor González Piñeiro para por de manifesto o problema da imposibilidade do inicio do curso na data oficial debido á non incorporación dos novos profesores Asociados nesa data. O Vicerreitor de Profesorado sinala que xa falou deste problema co Xefe do Servizo de Persoal pero que para este curso académico non puido resolvelo debido a que xa había algún contrato asinado con data 1 de outubro e non podían firmarse outros con data anterior. A solución neste momento é propor invitacións para os profesores afectados.

O profesor Manuel Ramos suscita o problema relativo as enquisas de profesorado, en concreto á existencia de materias sen avaliar e as posibles medidas a adoptar. Intervén o Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade sinalando que os problemas derivan da renuncia de algúns bolseiros e que no vicerreitorado estase traballando noutro procedemento distinto ó existente.

O profesor Ramos pregunta tamén sobre a urbanización do campus. Ante a ausencia do Vicerreitor de Planificación, o Reitor contesta que temos xa o proxecto executivo de Mendes da Rocha e tamén o da Biblioteca de Ciencias. Tamén están comprometidos os proxectos finais dos

tres módulos de investigación. O obxectivo perseguido é ter todo concursado este trimestre para facelo público, o mesmo que unha maqueta global.

Suscítase seguidamente o tema da ausencia de Comedor na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicacións, intervindo o profesor Pousada. O Reitor manifesta que xa coñece o problema e que se está traballando na solución.

Intervén D. Iago Fariñas para criticar a vixencia do art. 18.8 do RRICG que prohibe a presentación, en primeira volta, a un mesmo candidato, que non sexa membro nato do Consello de Goberno, a varias Comisións delegadas, permitíndoselle, en cambio, a súa presentación en segunda volta, ante a falta de candidatos.

Debátase sobre o tema coa intervención de D. Diego Alonso, D. Iago Fariñas, o profesor Legido, o profesor Mejuto e a Secretaria Xeral, quen sinala que é moi enriquecedor este debate sobre o contido do artigo pero que estamos falando dun regulamento que non pode ser modificado neste momento e que, de considerarse oportuno, habería que levar a outro Consello de Goberno, previa a súa inclusión nun punto da orde do día.

Iago Fariñas intervén novamente para por de manifesto o prexuízo que ocasiona o art. 26.3 RRICG cando esixe que, para a presentación dos candidatos para a Comisión de Reclamación de Prazas de Profesorado Contratado, o aval de, polo menos, dez membros do Consello de Goberno.

A Secretaria Xeral responde, novamente, que trátase dunha disposición dun Regulamento aprobado polo consello de Goberno e que a modificación do mesmo require a súa inclusión nun punto da orde do día e posterior discusión neste órgano.

O profesor Berrocal fai referencia á necesidade de corrección e adaptación dos distintos regulamentos. Ó que responde o Reitor que no próximo Claustro constituiranse as comisións para regulamentos de Claustro.

D. Iago Fariñas suscita tamén o tema dos bolseiros das Aulas de Informática, en canto, ante a ausencia de Regulamento é necesario negociar con eles e co coordinador das Aulas de Informática. O Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade responde que as funcións dos bolseiros de informática están perfectamente definidas e polo momento non hai ningunha queixa, sendo o Decano o que se coordina cos bolseiros.

D. Iago Fariñas pon de manifesto tamén o problema dos alumnos que veñen de intercambio e lles cobran a tarxeta da Universidade e nunca a reciben debido ó retraso da súa emisión. O Reitor encarga ó Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade o estudo do tema.

Segue D. Iago Fariñas preguntando se é posible a revisión das tarifas das Residencias Universitarias, ó que o Reitor contesta que estas tarifas son aprobadas no seu momento polo Consello de Goberno e despois polo Consello Social.

Por último, D. Iago Fariñas pon de manifesto a tardanza en recibir o título por parte dos alumnos xa licenciados ou diplomados, xa que a media nesta Universidade é de 5 anos. O Reitor encarga á Secretaria Xeral a busca de solucións a este problema.

O profesor Legido pon de manifesto o problema dos alumnos que se poden matricular nos POPs e que teñen superados 180 créditos pero que non teñen toda a troncalidade do primeiro ciclo e se poden pedir ó Reitor ampliación de matrícula. O Reitor sinala que se estudará polo servizo de alumnado.

O profesor Carlos Vivas roga que nos calendarios e nas normativas se teñan en conta as características dos centros, que son diferentes e que haxa certa flexibilidade en relación ós mesmos.

O Sr. Mollinedo roga que os servizos informáticos incorporen as altas dos alumnos novos e as baixas dos que rematan, así como dos profesores novos e os que deixan de selo nesta Universidade, nas bases de datos das Bibliotecas.

Se debate sobre o tema co Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade, quen finalmente sinala que no momento en que se matriculan os alumnos, de forma inmediata os datos se duplican á biblioteca.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:55 horas do día 22 de setembro de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado